

TEMA 3. A MONARQUÍA HISPÁNICA: A ÉPOCA DOS REIS CATÓLICOS E DOS AUSTRIAS (SÉCULOS XVI-XVII)

I.- A NOVA MONARQUÍA DOS REIS CATÓLICOS (UNIÓN DINÁSTICA, REORGANIZACIÓN POLÍTICO-ADMINISTRATIVA)

En 1469, as Coroas de Aragón e de Castela uníronse mediante o matrimonio entre Fernando, o fillo do rei de Aragón, e Isabel, a irmá do rei de Castela. Pero esta unión foi só de **carácter dinástico** porque cada reino mantivo as súas propias leis e institucións (aínda non existía o concepto territorial de España como hoxe se coñece). Por iso, á morte de Isabel, o trono castelán pasou á súa filla Xoana (“a tola”), casada con Felipe o Fermoso, mentres Fernando continuou sendo o rei de Aragón. Os Reis Católicos decidiron manter os seus títulos tradicionais coa enumeración de todas as súas posesións. Sen embargo, na Corte real e no exterior, foise impoñendo paulatinamente o título de **reis de España**. É dicir, non se pode falar de fusión senón de xustaposición das súas Coroas.

Os Reis Católicos levaron a cabo unha **importante reorganización político-administrativa** fortalecendo as institucións de goberno e iniciando así, a formación do Estado Moderno e o nacemento da Monarquía autoritaria extinguíndose o modelo feudal.

En Castela o poder rexio tiña menos limitacións que en Aragón. Os cambios máis salientables foron:

- Reorganización do **Consello Real de Castela**, que se constituíu no principal órgano de goberno. Profesionalizouse con funcionarios que posuían formación xurídica (isto fixo que a aristocracia perdesse influencia política) ao tempo que se lle atribuíron amplas funcións (política interior, exterior, Facenda...). Tamén se crearon novos Consellos con carácter territorial como os de Aragón e Indias (este último xorde como unha sección dentro do Consello de Castela).
- Creáronse novos cargos como os de **secretario real** (funcionarios con formación en leis e da confianza dos monarcas) e **vicereí** (representantes dos monarcas naqueles territorios en que estes non estaban presentes (Navarra, Aragón, Valencia, etc.).
- **Redución do papel político das Cortes de Castela** que apenas van ser convocadas e a súa función principal será a recadación de impostos.
- **Reafirmación do corrixidor**, cargo da administración local e de designación real. Posuía competencias administrativas, xudiciais e militares, favorecendo así a autoridade real.
- **Reorganización do sistema xudicial** a través de tres institucións: corrixidores (nas cidades de reguengo actúan como representantes do rei encargándose da orde pública, de impartir xustiza e de supervisar a vida municipal), Chancelarías, Audiencias e o Consello Real.

Na Coroa de Aragón as reformas tiveron menor importancia debido á **concepción pactista do poder do monarca**. Entre as reformas salienta a **“insaculación”** na elección dos cargos municipais. Consistía na elección cega (extraendo os seus nomes dun “saco”) dos cargos, aínda que os candidatos xa

tiñan sido previamente aprobados polos reis, e tamén se introduciu a figura do **vicereí** (un en cada reino).

Para o reforzamento do poder real crearon un exército permanente e regular, pagado pola monarquía e independente da nobreza; e a “**Santa Irmandade**”, corporación armada que impuxo a autoridade real nos concellos.

Con estas innovacións lograron someter á nobreza que actuaba á marxe da autoridade real, e ordenaron o derrubo das fortalezas que lles servían de refuxio. En Galicia conseguiron facerse obedecer en todo o territorio de forma rápida. A única resistencia foi a ofrecida por Pedro Pardo de Cela e Pedro Madruga. As tropas reais conseguiron deter ao primeiro, que como castigo foi executado en 1483 en Mondoñedo (a súa figura foi moi mitificada pola literatura romántica e galeguista do século XIX que o presentou como símbolo de resistencia fronte á autoridade e ao centralismo real); mentres que o segundo conseguiu fuxir a Portugal.

Por último, os Reis Católicos tamén empregaron como medio para fortalecer o seu poder, a **política relixiosa**:

- Con permiso papal crearon o **Consello da Suprema Inquisición**, tribunal eclesiástico para defender a fe católica e perseguir as herexías. A súa xurisdición abrangía todos os reinos da monarquía e os seus membros dependían dun inquisidor xeral nomeado polo monarca.
- **Fomentaron as regalías** (dereito dos Reis de intervir na igrexa do seu país), que supoñían un control no nomeamento dos bispos. Pretenderon tamén reformar a vida eclesiástica: evitar as malas prácticas dos cargos eclesiásticos e mellorar a súa formación. Esta política apoiouse en clérigos reformadores como o cardeal Cisneros.

A uniformidade relixiosa concretouse na **expulsión dos xudeus** decretada polos monarcas en 1492.

II.- A CONFIGURACIÓN DO IMPERIO ESPAÑOL NO SÉCULO XVI (a herdanza de Carlos I, os cambios en tempos de Filipe II: rebelión de Flandres, incorporación de Portugal, guerra contra Inglaterra). Pregunta ABAU

Durante os séculos XVI e XVII mantívose no trono español a dinastía dos Habsburgo ou dos Austrias. España formou un amplísimo imperio e converteuse na **primeira potencia do mundo**, pero tamén mantivo longas guerras que arruinaron a Facenda e precipitaron a súa decadencia.

Carlos I era fillo de Felipe o Feroso, herdeiro das posesións de Borgoña e favorito para o Sacro Imperio, e de Juana, filla maior e herdeira dos Reis Católicos. A morte do seu pai e a incapacidade da súa nai deixaron nas súas mans unha combinación de reinos e territorios que o converteron no monarca máis poderoso do seu tempo. Con el instaurábase unha nova dinastía: a **casa de Austria ou Habsburgo**.

En 1516, Carlos I foi proclamado rei de Castela e un ano despois chegou a España procedente dos Países Baixos. O rei asumía a **importante herdanza**

territorial: herdaba por vía materna, as Coroas de Aragón, Castela e Navarra, así como as posesións italianas, norteafricanas e as Indias. Por vía paterna, os Países Baixos, o Franco Condado, o sur da actual Alemaña, Austria, o Tirol e os dereitos á coroa imperial do seu avó Maximiliano I (en 1519, trala morte do emperador Maximiliano, foi elixido **emperador do Sacro Imperio Romano Xermánico** co nome de Carlos V).

Así pois, **a herdanza de Carlos I era un conxunto heteroxéneo de territorios** que só tiñan en común o seu monarca, quen tratou de contrarrestar esta desunión cunha **política integradora** que tiña dous obxectivos principais: o mantemento da **unidade relixiosa** arredor do catolicismo e a idea dunha **monarquía universal**, o que o levou a enfrontarse a Francia, ao Imperio Otomano e aos protestantes alemáns. O conflito relixioso rematará concedendo a liberdade relixiosa a Alemaña.

Tralo fracaso da unidade relixiosa, a **abdicación do emperador a favor do seu fillo Felipe II**, en 1556, supuxo a división do “Imperio universal”. Carlos I non deixou ao seu fillo nin os dominios austríacos nin a coroa imperial (que cedeu ao seu irmán Fernando); sen embargo, **Felipe II foi o soberano máis poderoso do seu tempo**. Ademais de todos os territorios herdados, consolidou a posesión de Milán, continuou o proceso de colonización de América, e en 1580, convértese en rei de Portugal, unindo así os dous imperios coloniais máis grandes da época.

Antes de facerse cargo da súa “monarquía hispánica, Felipe II xa fora rexente dos dominios do seu pai na Península; despois, foi monarca consorte en Inglaterra, e máis tarde, soberano nos Países Baixos. Ao contrario que o seu pai, Felipe II non foi un xefe militar senón un burócrata, aínda que si mantivo os principios que inspiraron a política do seu pai: a conservación da herdanza dinástica, o mantemento da hexemonía en Europa e a defensa do catolicismo. Non obstante, na escena europea novos problemas ameazaban á monarquía. Entre eles cabe salientar:

1. **A rebelión de Flandres** foi o problema fundamental. O monarca pretendía gobernar o territorio cos principios absolutistas con que gobernaba Castela, o que suscitou a inmediata oposición das oligarquías nobiliarias autóctonas. Á oposición política uniuse axiña a relixiosa. O calvinismo difundírase con éxito polas provincias do norte; os intentos do rei por conter a súa expansión mediante a Inquisición foron inútiles. Para solucionar o conflito, Felipe II optou pola represión: enviou un poderoso exército (os terzos de Flandres) ao mando do duque de Alba, quen someteu duramente aos sublevados; pero esta actuación significou tamén o inicio dun feroz conflito armado que durou oitenta anos. A guerra nos Países Baixos considérase un dos factores da decadencia militar, política e económica de España.
2. Outro gran foco de conflitos foron as **relacións con Inglaterra**, aliado tradicional de España con Carlos I, e o propio Felipe II fora rei consorte inglés polo seu matrimonio coa raíña María Tudor. Esta raíña morreu sen descendencia e a súa sucesora, Isabel I, desatou a hostilidade

contra a Monarquía Hispánica. Inglterra estaba comezando a súa expansión marítima e colonial, e non admitía o monopolio comercial que España se atribuíu sobre América. Por iso, os ingleses lanzaron ataques corsarios contra os barcos españois. Ademais, Isabel I, fervente protestante, optou por apoiar aos rebeldes flamencos, tanto pola súa oposición ao catolicismo coma por desgastar económica e militarmente á Monarquía Hispánica. Para cortar a axuda inglesa aos sublevados flamengos, Felipe II organizou a invasión de Inglaterra cunha gran frota, a **Gran Armada**, expedición que acabou fracasando.

3. O elemento máis positivo da política exterior de Felipe II foi a **unión con Portugal –a chamada unión ibérica-** en 1580. O rei era neto do rei portugués Manuel I, e cando o trono portugués queda vacante ao morrer o seu último titular sen herdeiros, Felipe fixo valer os seus dereitos militarmente, e derrotou ao exército luso. Non obstante, o seu maior éxito foi diplomático: gañouse á clase dirixente portuguesa prometendo respectar escrupulosamente a autonomía do reino e garantindo a protección do seu comercio. Deste xeito, conformouse o maior imperio territorial e marítimo que existira ata daquela.

III.- OS AUSTRIAS DO SÉCULO XVII: GOBERNO DE VALIDOS E CONFLITOS INTERNOS

O século XVII asiste ao final da hexemonía internacional e militar dos Austrias, así como ao inicio dunha significativa crise económica, demográfica e social. En contraposición aos Austrias Maiores, desenvólvense agora os reinados dos Austrias Menores, denominados así polo seu escaso peso político se o comparamos co dos seus predecesores. Nos tres casos os monarcas contaron para o goberno coa axuda dun favorito, **valido** ou secretario que os asesoraba na toma de decisións. En contra do que se ten sinalado en ocasións, a aparición destes validos non foi exclusivamente produto da incompetencia dos monarcas españois, senón que se tratou dunha figura estendida en varios países europeos, destacando a do cardeal Richelieu como favorito de Luís XIII de Francia.

Felipe III (1598-1621), rei ao que os biógrafos atribúen certa pereza, contou co **Duque de Lerma**, cuxa medida interna máis destacada foi a expulsión dos mouriscos (1609 e 1614) acusados de falsos conversos. Esta disposición afectaría gravemente á economía agraria levantina, rexión na que os mouriscos significaban un terzo da poboación. A crise financeira da monarquía estivo provocada tanto polas guerras e as débedas do reinado anterior coma polos gastos da Corte. O primeiro síntoma foi a bancarrota de 1607. A política exterior deste rei pódese considerar **pacifista**. O rei e o seu valido chegaron ao convencemento de que manter tantas fronteiras de loita supoñería inevitablemente a ruína total da monarquía. Por esta razón intentaron alcanzar acordos de paz ou de cesamento do fogo nas guerras que mantiñan.

Felipe IV (1621-1665), subiu ao trono con só dezaseis anos, por iso, desde un primeiro momento estivo baixo a tutela do seu preceptor, o **conde-duque de**

Olivares, que intentou consolidar o poder absoluto do monarca sobre os reinos a través dun proxecto coñecido como a **Unión de Armas**.

Carlos II (1665-1700), accedeu ao trono cando era un neno, polo que a súa nai, Mariana de Austria, exerceu como rexente, apoiándose en conselleiros pouco preparados e corruptos. Cando o rei foi declarado maior de idade a situación non mellorou moito; a súa personalidade enfermiza e débil, con serios problemas psicolóxicos, favoreceu que o goberno recaese sempre noutros. A personalidade do rei agravou a crise da monarquía. O poder do Estado foise diluíndo e privatizáronse moitas funcións. Ese baleiro de poder foi aproveitado pola aristocracia e a Igrexa para ampliar os seus privilexios.

O problema sucesorio e o final da dinastía dos Austrias

Cara a 1697 sabíase que a morte do rei estaba próxima. Como non tivera fillos de ningún dos seus dous matrimonios, había que buscar un herdeiro estranxeiro; dous eran os candidatos que tiñan vínculos familiares coa liña española da dinastía austríaca: **Felipe de Borbón**, candidato francés, que era neto da filla máis vella de Felipe IV (é dicir, sobriño-neto de Carlos II), e **Carlos de Austria**, candidato da liña alemá dos Austrias e neto da filla máis nova de Felipe III (é dicir, primo segundo de Carlos II). Tras fortes presións de ambos bandos, Carlos II deixou como herdeiro a Felipe de Borbón (futuro Felipe V). O 1 de novembro de 1700 morría o último representante dos Austrias en España e unha nova dinastía (Borbón) comezaba a dirixir España e as súas posesións.

V.- A CRISE DO SÉCULO XVII: ASPECTOS SOCIOECONÓMICOS E POLÍTICOS. Pregunta ABAU

En termos xerais, **o século XVII foi unha época de decadencia económica, demográfica e social** en España e en todos os países europeos; pero en España alcanzou cotas especialmente graves pola súa coincidencia coa crise política e fiscal da monarquía. Cómpre indicar que a crise non tivo a mesma intensidade a principios ou a finais do século, nin en todas as rexións.

A crise demográfica. Un pilar fundamental da crise foi o descenso demográfico, alomenos ata 1660. A poboación diminuíu, probablemente en torno a un millón de persoas. Foron varias as causas que motivaron ese período crítico:

- as epidemias periódicas de peste que afectaron a toda a Península
- a reiteración de malas colleitas provocaba frecuentemente crises de subsistencias que dificultaban o acceso a alimentos básicos e polo tanto incrementábase a mortalidade.
- A expulsión dos mouriscos en 1609 (reinado de Felipe III) que deixaron moi despoboadas áreas do sur e do leste da Península (300.000 mouriscos valencianos e aragoneses abandonaron a Península)
- A emigración a América incentivada polos problemas económicos
- As continuas guerras no continente europeo

O deterioro da economía. Todas as actividades económicas se viron comprometidas: a **agricultura** estivo seriamente afectada por un grave ciclo de malas colleitas producido por unha climatoloxía adversa, pola expulsión dos mouriscos que na súa maioría eran campesiños, e polos fortes impostos que gravaban aos agricultores. A **actividade gandeira**, a pesar da protección da que gozaba a Mesta, tamén se resentiu da perda de poboación, e produciuse unha caída na produción de la. A **producción artesanal e o comercio** tamén descendieron; hai que destacar a crise das **actividades téxtiles** (sobre todo en Castela) debido á diminución da demanda, ao aumento de impostos, e á competencia estranxeira xa que resultaba máis barato comprar o produto elaborado nos países europeos. Outras actividades artesanais relacionadas coas necesidades do Estado como a construción naval ou a metalurxia tamén se viron afectadas polos problemas económicos da Coroa.

Tampouco escapou á crise o comercio ultramarino, á que contribuíron a agravar os ataques ingleses e holandeses aos convois de barcos mercantes casteláns que viñan de América. Na relación económica cos territorios americanos destaca a **progresiva diminución da chegada de metais preciosos**, que tiñan sido boas ata 1630. O pouco que chegaba destinábase a pagar as débedas da monarquía.

A crise da Facenda real. O incesante aumento dos gastos suntuarios da Corte, o custo das campañas bélicas e a diminución dos ingresos conduciron á **bancarrota do Estado**, decretada en varias ocasión (por exemplo en 1607, 1627 e 1652).

A situación agravábase coa **postura dos grupos privilexiados respecto á crise**, caracterizada polo **incremento da presión señorial** así como polo **desprezo por calquera actividade produtiva** o que contribuíu ao atraso económico da España do século XVII. Porén, a toma de conciencia destes problemas por un grupo de intelectuais levounos á reflexión sobre as causas dos mesmos e a propor solucións: foron os **arbitristas**. Algúns avogaron por un replanteamento da explotación económica das Indias e outros por unha mellora da agricultura.

Na segunda metade do século XVII a crise foi remitindo, aínda que a situación non era a mesma para os diferentes territorios da monarquía. As **áreas atlántica e cantábrica** víronse menos afectadas na crise alimenticia grazas á introdución dun cultivo procedente de América: o **millo** (a pataca tamén veu de América pero non se xeneralizará ata o século XVIII). **Cataluña e Valencia** comezaron a recuperarse a mediados de século, e a finais, xa se observa un claro aumento da agricultura, gandaría e comercio. Pola contra, en **Castela** non se observa recuperación ata as últimas décadas do século.

Desde o punto de vista político, destaca o **programa de reformas** que intentou poñer en marcha o **conde-duque de Olivares**, valido de Felipe IV e que se resumía en dous obxectivos: a recuperación do prestixio exterior da monarquía hispánica, e a súa reforma interior.

Para conseguilos redactou o *Gran Memorial*, onde lle mostraba ao rei os males que aqueixaban a unha monarquía hispánica en crise, e propoñía solucións tales como repartir de xeito equitativo o recrutamento de tropas e a recadación de tributos para facer fronte ás continuas campañas bélicas europeas no

contexto da Guerra dos Trinta anos (1618-1648). Este proxecto foi coñecido como a **Unión de Armas** (1625). En puridade, tratábase dunha reforma militar e financeira que pretendía crear un exército permanente (140.000 homes) sustentado por todos os reinos en función da súa poboación e da súa riqueza. Esta reforma viña obrigada polo estado de empobrecemento no que se atopaba Castela, dado que ata o de agora, viña realizando o principal esforzo financeiro e humano para a defensa da monarquía e xa non podía soportar o peso das enormes necesidades económicas e militares da coroa.

Pero estas reformas de Olivares inscribíanse nun plan máis amplo que pretendía **unificar politicamente o imperio**, suprimindo as diferenzas constitucionais e repartindo por igual cargas e beneficios entre todos os territorios da Coroa. O plan pretendía crear unha estrutura centralizada do Estado ademais de impor unha concepción absolutista do poder; pero a súa aplicación foi imposible, tanto polas dificultades económicas da monarquía coma pola oposición dos distintos reinos, celosos das súas prerrogativas forais. O seu proxecto obtivo escaso apoio en Aragón e Valencia e fracasou en Cataluña.

A partir de 1635, coa entrada na guerra de Francia, as necesidades de homes e de cartos agudizáronse; e de novo Olivares tentou conseguir incrementar a contribución dos reinos, pero a súa política provocou fortes protestas:

En 1639, os franceses invadiron o Rosellón e a guerra trasladouse a Cataluña. Olivares esixiulle pagar a manutención das tropas que loitaban na fronteira contra os franceses. Esta medida ocasionou tumultos que culminaron coa sublevación dos segadores e a morte do vicerrei en Barcelona (Corpus de sangue, 7-6-1640). **Os sublevados** buscaron o apoio de Francia, que enviou tropas ao territorio catalán. Sen embargo, a prolongación do conflito, o temor ao dominio francés e as promesas de Felipe IV de respectar os seus privilexios minaron a resistencia dos cataláns. En 1652 as tropas reais entraron en Barcelona e Filipe IV ratificou os privilexios forais de Cataluña.

As novas esixencias da guerra incrementaron o **descontento en Portugal**, que en 1640, foi obrigado a combater en Cataluña. Nese mesmo ano, aproveitando a multiplicidade de fronteiras nas que combatía Filipe IV, e ante a ausencia de tropas, unha conspiración nobiliaria consegue facerse co poder e proclamar ao duque de Braganza rei de Portugal. A sublevación portuguesa contou co apoio francés, e o novo rei asinou tratados de tregua con Holanda e de alianza con Inglaterra, conseguindo así o recoñecemento e apoio internacional. As sucesivas campañas de reconquista levadas a cabo por Filipe IV fracasaron. En 1668, a raíña rexente Mariana de Austria, nai de Carlos II, recoñeceu definitivamente a independencia de Portugal.

O valido acabou perdendo a confianza do rei e foi destituído en 1643. As súas medidas non frutificaron, tendo que agardar ao establecemento dos primeiros Borbóns para continuar a senda reformista e uniformizadora iniciada por Olivares.

VI.- ECONOMÍA E SOCIEDADE NA GALICIA DOS AUSTRIAS (a agricultura e as súas transformacións, a importancia da pesca na Galicia litoral, a estrutura social: sociedade rendista e peso da fidalguía) Pregunta ABAU

Igual que nos séculos anteriores, a economía e a sociedade galegas seguían sendo durante os séculos XVI e XVII esencialmente agrarias (máis do 80% da poboación vivía no rural e do campo) e estaban fortemente ligadas ás posibilidades produtivas da terra. Porén, malia as continuidades con respecto ao pasado, tamén aparecen cambios.

No que respecta á actividade económica, destaca unha agricultura de subsistencia ou autoconsumo, traballada con útiles rudimentarios e con ausencia de fertilizantes e innovacións salientables. Estes condicionantes explican que dificilmente se xere un excedente despois de que o campesiñado pague os diferentes tributos e rendas forais.

No século XVI, a agricultura mantivo o sistema tradicional de produción baseado no cultivo de cereais e no barbeito, presentando uns acusados matices comarcais. **No século XVII**, ten lugar unha importante transformación na agricultura ao consolidarse o cultivo do **millo**, que altera o sistema de rotación diminuíndo o barbeito e aumentando a produción. Logrou reducirse así o impacto da crise demográfica que nesa altura afectaba a toda a Península.

En calquera caso, a precaria situación económica dos labregos lévaos a realizar outras tarefas complementarias ás agrarias, que teñen lugar na súas propias casas, coma o fiado de liño; ou ben emigrar a Castela, Portugal ou mesmo a América por un tempo curto ou definitivo.

Na Galicia costeira, a exigua produción dos minifundios vese aliviada polo traballo no mar, de aí a importancia da pesca na Galicia litoral. Ao lado dos principais portos exportadores de peixe (Pontevedra, A Coruña, Noia e Muros), moitas outras poboacións teñen tamén no mar o seu modo de vida (Pontedeume, Ares, Ferrol, Cedeira, Celeiro...). Estes portos comerciaban con cidades costeiras españolas (Sevilla, Bilbao) e europeas (Lisboa, Porto, Amberes, Rouen...) exportando viños, sardiñas, polbos, pescadas, castañas, cítricos... e importando cereais, aceite ou sal. No decurso do século XVI Pontevedra convértese no principal porto pesqueiro de Galicia, mentres que no XVII, Muros pasa a ser o centro exportador de sardiña.

En todo caso, a actividade pesqueira tampouco permite superar o nivel de subsistencia para a meirande parte dos mariñeiros, debido a problemas semellantes aos da agricultura (útiles rudimentarios e falta de innovacións).

En canto á sociedade, mantense o seu **carácter estamental**: desigual ante a lei, moi xerarquizada e con escasas oportunidades de ascenso social. As relacións sociais artículanse en torno á terra.

Os estamentos privilexiados (nobreza e clero) son **rendistas**: señores territoriais e xurisdiccionais que viven fundamentalmente da cobranza de rendas aos campesiños que traballan as súas terras.

Fronte a eles, atópanse os **labregos** que cultivan as terras baixo diferentes formas de cesión, sendo a principal o **foro** (contrato de cesión da terra a moi longo prazo). Ademais das rendas estipuladas no contrato foral, os labregos debían pagar gran cantidade de tributos (décimo eclesiástico, moenda, portádegos, alcabala...).

Ante o **forte absentismo da alta nobreza** (ausente de Galicia ao vincularse ás familias nobres castelás) configúrase como grupo relevante a **fidalgúa**. Os fidalgos eran un grado menor da nobreza (baixa nobreza) que se introduce no sistema como intermediaria entre o señor e o campesiño. Tomaron en **foro** numerosas parcelas pertencentes aos bispos, mosteiros e grandes nobres, terras que despois **subforaban** aos campesiños, incrementándolles a renda. Esta práctica permitiulles aumentar o seu nivel de riqueza, que se manifestou na construción de numerosos pazos. En moitas zonas, os fidalgos constituían as oligarquías rurais ou urbanas que controlaban o poder municipal e xudicial (xuíces, avogados, escribáns...).

Ademais desta división social xerada polo sistema foral, existían outros grupos sociais non privilexiados: mariñeiros, artesáns urbanos e comerciantes.